

ESCOLA DA VIDA

A manda infantil

01.08.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Recentemente, dúas bandas de nenos de menos de 15 anos protagonizaron uns feitos que provocaron alarma social en España: a violación múltiple doutras dúas menores. Estes acontecementos non son, por desgraza, un fenómeno illado, pero, na maioría das ocasións, non transcenden á opinión pública. Pero, cales son as súas causas?

Jaume Funes, un reputado estudoso da delincuencia xuvenil, denomínaos *nenos preadolescentes disociais e marxinais*, e atribúelles, entre outras características, a de ser nenos que prefiren a rúa á escola, forman bandas infantís a imitación doutros maiores, promoven raterías que os levan á marxinalidade e ninguén se fai cargo da súa educación, polo que van dar orixe a conflitos permanentes.

Así as cousas, estamos falando de menores cunha socialización desaxeitada, sen control dos seus adultos responsables e que obran aproveitándose das particularidades das súas vítimas, normalmente nenas ou nenos de menor idade ou maiores que non poden defenderse ante os seus ataques. Pero a súa ousadía depende moitas veces do seu líder, e aí está o principal desencadeante de que ocorran situacións como as que estamos a comentar ou que incluso cheguen a matar un indixente ou se atrevan con algún ancián.

A Lei de responsabilidade penal xuvenil dálles un trato diferente segundo a súa idade. E así, mentres que os menores de 14 anos son postos á disposición dos Servizos de Protección de Menores, os maiores desa idade deben pasar polo Xulgado de Menores. Desde o ano 2001 en que empezou a aplicarse esta Lei, o PP reclama que, nos delitos nos que se cometa algunha violación, aos menores de 13 anos se lles administre tamén a Lei.

Educativamente, todas as leis de menores deben de ter un mínimo de idade de aplicación, é dicir, ninguén pode atribuírle unha responsabilidade a unha persoa se esta non ten aínda a capacidade para determinar con claridade as consecuencias dos seus actos. Este foi o argumento contemplado para situar nese momento cronolóxico a imputabilidade da Lei ós menores maiores de 14 anos. Se se pensa baixo o principio de sancionar os menores polos efectos dos seus actos, habería que inculpar, incluso, nenos de 7 anos que cometeran asasinatos. Pero o que si cabe facer nestes casos é imputar os pais ou titores como responsables subsidiarios destes cativos, non só de forma penal senón tamén civil, instruindoos na cultura do compromiso educativo coa súa prole, xa que, en gran medida, é a súa falta de autoridade paterna a que carrega estas consecuencias..